


## Tres reflexións a xeito de poemas

Dille a soedade ó can:

"Ladra can. ¡Ladra!  
Ladra, ti que tes voz.  
Ladra por min  
e tamén por aqueles  
que non a teñen  
ou llela taparon.  
¡Ladra! Can ladra.  
Ladra á lúa,  
ladra ó vento.  
Ladra a quen pase  
polo rueiro.  
Que os teus ladros  
sexan a voz  
dos oprimidos,  
os explotados  
e os marxidados.  
Tamén daqueles,  
que por medo  
ou cobardía,  
calan e calan.  
Por sempre... calan".



(C. de Y.)



A Terra é...  
o berce onde nacemos.

A Terra é...  
a eira onde vivimos.

A Terra é...  
sustento, cama e alegría.

A Terra é...  
o vagar da nosa vida.

A Terra é...  
por fin, descanso eterno.

Pois logo...  
¿Por qué a estragamos?.

(C. de Y.)

Que triste é  
querer falar e non ter voz,  
mirar e non ter vista.  
¡Qué triste é!  
Máis triste é  
falar sen saber  
e ver sen mirar.  
Pero...aínda é  
Moito máis triste  
aquele, que sabendo,  
di o que non é  
ou, podendo ver,  
mira a onde non é.  
Pobre deste último,  
pois sen el o saber  
tres eivas ten.  
¡Que triste é!

(C. de Y.)